

Cento cincuenta anos
de *Cantares gallegos*

Exposición
do 15 de maio
ao 15 de agosto
2013

No principio foi o verso
Rosalía de Castro

Sede da Fundación Barrié
Vigo



Rosalía de Castro por Modesto Brocos, ca. 1880 [Colección da Deputación da Coruña]



Cento cincuenta anos de *Cantares gallegos*

Exposición

do 15 de maio ao 15 de agosto 2013
Mañás 12 a 14h / tardes 18 a 21 h

No principio foi o verso Rosalía de Castro

Sede da Fundación Barrié
Rúa de Policarpo Sanz, 31. Vigo
Actividades didácticas gratuitas. Reservas 986 110 220

ROSAL\A 20\3 V\GO

Entidades organizadoras:

Fundación Rosalía de Castro
Real Academia Galega
Universidade de Vigo
Fundación Barrié

Entidades patrocinadoras:

Xunta de Galicia
Concello de Vigo

Entidades colaboradoras:

Consortio da Zona Franca de Vigo
Faro de Vigo

Comisario e deseñador:

Pepe Barro

Documentalistas:

Carme Martín Velázquez
Segundo Saavedra
(RdO Comunicación cultural)

Ricardo Axeitos
Lois Bande Barreiro
Nélida Cosme Abollo
Ana María Menéndez Rodríguez
Fernando Pereira González
Dolores Sánchez Vales
(Real Academia Galega)

Comunicación:

Rocío Castro

Montaxe:

Artifecto cultural

Proxeccións:

Cantares gallegos
EAF Producións

A familia de Rosalía
Xosé Salgado

Muller intelectual galega
Voz: Charo Pena
Gravación: Área 5.1. F. Audiovisual
Edición: Xosé Salgado
Imaxes por cortesía de:
Fondo José Vidal (Concello de Laxe),
Arquivo Pacheco, Museo Massó,
Real Academia Galega

Rotulación:

Actimaxe

Seguros:

Reales, Seguros Generales

Transporte:

Servicio móvil

Prestadores:

Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra
Arquivo Histórico Municipal da Coruña
Arquivo Sonoro de Galicia
Biblioteca Municipal de Estudos Locais
Centro Galego de Artes da Imaxe
Colección Puertas-Mosquera
Concello de Padrón
Concello de Vigo
Consortio Zona Franca de Vigo
Deputación Provincial da Coruña
Fundación Barrié
Fundación Penzol
José Ballesta de Diego
Legado Paz-Andrade
Miguel Anxo Seixas Seoane
Museo de Belas Artes da Coruña
Museo de Pontevedra
Museo Quiñones de León
Real Academia Galega
Rosalía Abollo Lemos

Entidades organizadoras



Universidade de Vigo

Fundación Barrié

Entidades patrocinadoras



Entidades colaboradoras



FARO DE VIGO

Rosalía en Vigo, Vigo con Rosalía

Na xeografía cultural e histórica de Galicia houbo un suceso que marcou para sempre o inicio dun proxecto de dignidade, dun camiño compartido, dunha esperanza de mellora para o noso pobo que nos foi modelando e nos trouxo ata aquí. Ese feito non foi unha guerra nin unha descuberta: foi un libro, foi a publicación de *Cantares gallegos*. E ese feito ten un nome e ten un lugar. O nome é Rosalía de Castro, o lugar é Vigo.

Organizada desde os círculos democráticos e progresistas, foi en Vigo e arredor do xornal *La Oliva* onde se xuntou o núcleo da primeira gran xeración que traballou e o deu todo por Galicia: Xoán Compañel (editor), os irmáns Alejandro e Eduardo Chao (ideólogos e políticos), José Ramón Fernández (mecenas) e Murguía (o líder intelectual). E por riba de todos eles, grazas ó seu talento literario, a poeta que co tempo sería a escritora nacional de Galicia: Rosalía de Castro.

E foi na rúa Real de Vigo, na casa onde se editaba *La Oliva* e logo *El Miño*, onde Rosalía viviu varios meses, os finais de 1859. E nesa casa que era a imprenta de Xoán Compañel, moi perto do sagrado en que a amiga de Martín Codax lle cantaba ás ondas do mar de Vigo, rexurdían as letras galegas e rexurdía Galicia. En 1863 e asinado o 17 de maio vía luz na rúa Real de Vigo *Cantares gallegos*.

A vida individual e a vida comunal constrúense con grandes e pequenos feitos. Na vida de Rosalía e na historia de Galicia ese pequeno feito resultou decisivo. O pobo galego viuse retratado nas páxinas da autora. Nelas estaba a loita pola dignidade dun pobo, dunha terra, dunha fala. Nese libro proel que fendeu os mares do esquecemento en que xacía Galicia estaban a cultura e maila paisaxe, as festas e os traballos, as alegrías e os sufrimentos, as romarías e a emigración. E as mulleres, as mulleres.

Pero aínda hai máis. *Cantares gallegos* deixounos unha Galicia en proxecto, en esperanza, en “Alborada”, no que xeración tras xeración seguimos os galegos e as galegas. Un proxecto de dignidade e liberdade. Un proxecto na lingua galega. Na rúa Real, hai 150 anos.

Anxo Angueira

Presidente da Fundación Rosalía de Castro

Pensar Galicia en Vigo

A mediados do século XIX, os progresistas de Vigo deciden acoller a unha xeración que está a pensar un país novo. Son os intelectuais que naquel remoto noroeste de España ven un pequeno país de Europa chamado Galicia e traballan pola súa dignidade. Os xornais *La Oliva* e *El Miño* serán os voceiros desta xeración que é a de Rosalía.



Unha cidade en construción

En 1857 Vigo non chega aínda aos 12.000 habitantes, pero na comarca viven xa 50.000 persoas. Mercado na praza da Constitución, Gravado de J. Forrester en 1848.

[Museo Municipal de Vigo
"Quiñones de León"]

Rosalía de Castro en 1855, catro anos antes da súa chegada a Vigo, cidade na que viviu durante cinco meses no ano 1859.

[Real Academia Galega]



Prólogo Cantares gallegos

Grande atrevemento é, sin duda, pra un probe inxenio como o que me cadrou en sorte, dar a luz un libro cuías páxinas debían estar cheias de sol, de harmonía e daquela naturalidade que, unida a unha fonda ternura, a un arrullo incesante de palabriñas mimosas e sentidas, forman a maior beleza dos nosos cantos populares. Á poesía gallega, toda música e vaguedade, toda queixas, sospiros e doces sonrisiñas, mormuxando unhas veces cos ventos misteriosos dos bosques, brillando outras co raio de sol que cai sereniño por enriba das auguas dun río farto e grave que corre baixo as ramas dos salgueiros en frol, compríalle para ser cantada un espírito subprime e cristaiño, si así o podemos decir; unha inspiración fecunda como a vexetación que hermosea esta nosa privilexiada terra; e, sobre todo, un sentimento delicado e penetrante, para dar a conocer tantas bellezas de pirmeiro orden, tanto fuxitivo raio de hermosura como se desprende de cada costume, de cada pensamento escapado a este pobo a quen moitos chaman estúpido e a quen quisais xuzguen insensibre, estraño á devina poesía. Mais naide ten menos que eu teño as grandes cualidades que son precisas pra levar a cabo obra tan difícil, anque naide tampouco se pudo achar animado dun máis bon deseo pra cantar as bellezas da nosa terra naquel dialecto soave e mimoso que queren facer bárbaro os que non saben que aventaxa ás demais linguas en dosura e harmonía. Por esto, inda achándome débil en forzas e n´habendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, guiada solo por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan dosemente resoaron nos meus oídos desde a cuna e que foran recollidos polo meu corazón como harencia propia, atrevínme a escribir estos cantares, esforzándome en dar a conocer como algunhas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e como o noso dialecto dose e sonoro é tan a propósito como o pirmeiro para toda clase de versificación.

As miñas forzas, é certo, quedaron moito máis abaixo do que alcansaran os meus deseos, e por eso, comprendendo canto poidera facer neste un gran poeta, dóiome inda máis da miña insuficenza. *O Libro dos Cantares* de don Antonio Trueba, que me inspirara e dera alento pra levar a cabo este traballo, pasa polo meu pensamento como un remorso, e casi asoman as bágoas ós meus ollos ó pensar como Galicia se levantaría hastra o lugar que lle corresponde si un poeta como Antón o dos *Cantares* fose o destinado pra dar a conocer as súas bellezas e as súas costumes. Mais a miña

infeliz patria, tan desventurada neste como en todo o máis, tense que contentar cunhas páxinas frías e insulas, que apenas serían dinas de achegarse de lonxe ás portas do Parnaso como non fose polo nobre sentimento que as creou. Que esto mesmo me sirva de disculpa pra os que xustamente quirtiquen as miñas faltas, pois penso que o que se esforza por desvanecer os erros que manchan e ofenden inxustamente a súa patria, é acreedore a algunha indulxencia!

Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoverme, todo esto me atrevín a cantar neste homilde libro pra desir unha vez siquera i anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos despresan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que ésta sea dura), demostra a iñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia irmán por probe que esta sea. Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsedade con que fóra de aquí pintan así ós fillos de Galicia como a Galicia mesma, a quen xeneralmente xuzgan o máis despreziable e feio de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza.

Non quero ferir con esto a susceptibilidade de naide, anque, a desir verdade, ben poidera perdonárselle este pequeno desafogo a quen tan ferida foi de todos. Mais eu que atravesei repetidas veces aquelas soledades de Castilla que dan idea do deserto; eu que recorrín a feraz Estremadura e a extensa Mancha, donde o sol cai a promo alomeando monótonos campos donde o cor da palla seca presta un tono cansado ó paisaxe que rinde e entristece o espírito, sin unha herbiña que distraia a mirada que vai perderse nun ceo sin nubes, tan igual e tan cansado como a terra que crobe; eu que visitei os celebrados arredores de Alicante, donde os olivos co seu verde escuro, sembrados en fila e de raro en raro, parecen chorar de verse tan solitarios, e vin aquela famosa horta de Murcia, tan nomeada e tan alabada, e que, cansada e monótona como o resto daquel paíse, amostra a súa vexetación tal como paisaxes pintados nun cartón con árbores postos simetricamente e en carreiriños para divertisión dos nenos, eu non podoo menos de indignarme cando os fillos desas provincias que Dios favoreceu en fartura, pero non na beleza dos campos, búlranse desta Galicia competidora en clima e galanura cos países máis encantadores da terra, esta Galicia donde todo é espontáneo na natureza e en donde a man do home cede o seu posto á man de Dios.

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azúes e serenos como os de Italia, horizontes nubrados e melancónicos anque sempre hermosos como os tan alabados da Suíza, ribeiras apacibres e sereniñas, cabos tempestuosos que aterrann

e admiran pola súa xigantesca e xorda cólera...., mares imensos... Que direi mais? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tódalas estacións de herbiñas e de frores, os montes cheios de pinos, de robres e salgueiros, os lixeiros ventos que pasan, as fontes i os torrentes derramándose ferveedores e cristaiños, vran e inverno, xa polos risoiños campos xa en profundas e sombrisas hondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía... E a pesar desto chega a tanto a fatuidade dos iñorantes, a tanto a indina preocupación que contra a nosa terra existe, que inda os mesmos que poideron contemplar tanta hermosura (xa non falamos dos que se bulran de nós sin que xamais nos haian visto nin aínda de lonxe, que son os máis), inda os que penetraron en Galicia e gozaron das delicias que ofrece, atrevéronse a desir que Galicia era... un cortello inmundo...!!! I estos eran quisais fillos... daquelas terras abrasadas de onde hastra os paxariños foxen...! Que diremos a esto? Nada máis sinón que taes fatuidades respecto do noso paíse teñen algunha comparanza cas dos franceses ó falar das súas eternas vitorias ganadas ós españoles. España nunca, nunca os venceu; polo contrario, sempre saleu vencida, derrotada, homillada; e o máis triste desto é que *val* antre eles tan infame mentira, así como *val* pra a seca Castilla, pra a deserta Mancha e pra tódalas demais provincias de España –ningunha comparada en verdadeira beleza de paisaxe coa nosa– que Galicia é o rincón máis despreziable da terra. Ben din que todo neste mundo está compensado, e ven así a sufrir España dunha nación veciña que sempre a ofendeu, a mesma inxusticia que ela, inda máis culpabre, comete cunha provincia homillada de quen nunca se acorda, como non sea pra homillala inda máis. Moito sinto as inxusticias con que nos favorecen os franceses, pro neste momento casi lles estou agradecida, pois que me proporcionan un medio de facerlle máis palpabre a España a inxusticia que ela á súa vez conosco comete.

Foi este o móbil principal que me impeleu a publicar este libro que, máis que nadie, conoso que necesita a indulxencia de todos. Sin gramática nin regras de ningunha clas, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista; pro ó menos, e pra disculpar en algo estes defectos, puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo, e penso que o conseguín en algo... si ben de unha maneira débil e froxa. Queira o ceo que outro máis afertunado que eu poida describir cos seus cores verdadeiros os cuadros encantadores que por aquí se atopan, inda no rincón máis escondido e olvidado, pra que así, ó menos en fama xa que non en proveito, gane e se vexa co respecto e admiración merecidas esta infortunada Galicia!

Rosalía de Castro

Alborada¹

Rosalía de Castro

I

Vaite noi-
te-vai fuxin-
do-vente auro-
ra-vente abrin-
do-co teu ros-
tro-que sorrin-
do-a sombra espanta!!!

Canta...!,
paxariño can-
ta-de ponliña en pon-
la-que o sol se levan-
ta-polo monte ver-
de-polo verde mon-
te-alegando as her-
bas-alegando as fon-
tes...!

Canta, paxariño alegre,
canta!
Canta porque o millo medre.
Canta!
Canta porque a luz te escoite.
Canta!
Canta que fuxeu a noite.

Noite escura
logo vén,
e moito dura
co seu manto
de tristura,
con meigallos
e temores,
agoreira
de dolores,
agarimo
de pesares,
cubridora
en todo mal,
sal...!

Que a auroriña
o ceu colora
cuns arbores

que namora,
cun sembrante
de ouro e prata
teñidiño
de escalrata.
Cuns vestidos
de diamante
que lle borda
o sol amante
antre as ondas
de cristal.

Sal...!
Señora en todo mal,
que o sol
xa brila
nas cunchiñas do areal,
que a luz
do día
viste a terra de alegría,
que o sol
derrete con amor a escarcha fría.

II

Branca auro-
ra-ven chegan-
do-i ás porti-
ñas-vai chaman-
do-dos que dor-
men-esperan-
do-o teu folgor...!

Cor...
de alba hermosa
lles estende
nos vidriños
cariñosa,
donde o sol
tamén suspende,
cando aló
no mar se tende
de fogax
larada viva,
dempois leve,
fuxitiva,
triste, vago
resprandor.


Cantor
dos aires,
paxariño alegre,
canta,
canta porque o millo medre.
Cantor
da aurora,
alegre namorado,
ás meniñas dille
que xa sal o sol dourado;

que o gaiteiro,
ben lavado,
ben vestido,
ben peitado,
da gaitiña
acompañado
á porta está...!
Xa...!

Se espricando
que te esprica,
repinica,
repinica
na alborada
ben amada
das meniñas
cantadeiras,
bailadoras,
rebuldeiras;
das velliñas
alegríñas,
das que saben
ben ruar.

Arriba
todas, rapaciñas do lugar!,
que o sol
i a aurora xa vos vén a dispertar.
Arriba!
Arriba, toleirona mocidad!,
que atru-
xaremos-cantaremos o ala...lá...!!!

1. A máis grande dificultade que achei pra escribir esta alborada foi o meu desexo de que saíse nun todo arregrada á música. Conseguinte isto pro foi á custa da poesía; non podía ser doutro modo cando se dá cun aire tan estraño e tan difícil de acomodarlle letra algunha. (Nota da autora)



“Vigo, antigua villa que no ha podido todavía arreglarse un traje de ciudad [...] Pueden hacer de el uno de los puertos más ricos y concurridos del Océano [...] El día que el Arenal tenga dos calles en vez de una, aquel Vigo que se esconde entre las olas de la ría [...] ya murió. Murió de consunción, de vejez: su hijo legítimo ha sabido arrebatarse ya su gran presa, el comercio.”

Manuel Murguía
 “La Ribera y san Francisco en Vigo”
El Museo Universal, 1859

Vista de Vigo segundo debuxo de Teodomiro Avendaño e a Ribeira do Berbés segundo debuxo de Pradilla, gravados publicados a finais do século XIX.

[Colección Puertas Mosquera]



Do folclore á literatura nacional

O romanticismo descobre o pobo e o seu saber, o folclore. Velaí onde apunta Manuel Murguía, os cantares do pobo son os clásicos que nos faltan, eles deben ser o paradigma da nosa literatura futura. Así o declara Rosalía no prólogo a *Cantares gallegos*, “n’ habendo deprendido en máis escola que a dos nosos pobres aldeáns, guiada solo por aqueles cantares...” Non é a única, moitos intelectuais buscan e recollen cantares galegos.

Romaría en san Cosme de Baiona, segundo debuxo de Padrilla, e a *Muiñeira* de Dionisio Fierros. Gravados publicados por Murguía en *La Ilustración gallega y asturiana* (1879-1882).

[Colección Puertas Mosquera]



Que cante e que cante

O canto popular percorre Europa. A busca da fonte limpa, da creación sen artificio, está na base da renovación poética do movemento romántico. Pero nos cantares de cada país hai que buscar ademais a autenticidade, así o di Rosalía: “puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo”. E de Irlanda a Polonia, os pobos que cantan os seus cantares sempre acaban por conquistar a liberdade.

Si por min perdiche o sono
Agora podes dormir

—

Eu como son picarona
O son que me tocan bailo

—

Dime cando estaba lonxe
Si te acordabas de min

—

Mandoche o meu corason
Cas chaviñas par'a o abrir
Nin eu teño mais que darche
Nin ti mais que me pedir

—

Ahí tes o meu corazón
Si ó queres matar ben podes
Pero como estas ti dentro
Tamen si ti o matas morres

—

Un xastre y un sapateiro
Baixaron o inferno xuntos
O xastre baixou por varas
O sapateiro por puntas

—

Son morena, son morena
Son morena, son bastante
O que no me queira ver
Colla o camiño de diante



Rosalía de Castro,
prego manuscrito
con cantares populares,
moitos deles utilizados
na composición dos seus
poemas de *Cantares gallegos*.

[Arquivo Histórico
Municipal da Coruña]

Adios ríos, adios fontes,
Adios regatos pequenos
Adios vista dos meus ollos
Non sei cando nos veremos

—

Este pandeiro que toco,
Ten os aros de sanguinho
Si se toca en Rivadavia
Resona no Carballino

—

Teño sono, teño sono
Voume votar á dormir
Qu'ó que de dios estivera
As miñas mas á de vir

—

Si o mar tivera barandas
Fórate ver o Brasil.
Mais o mar non ten barandas
Meu amor por donde ei d'ir?



—

Tocay ese pandeirinho
Agairraino po lo medio
por que lle faga parola
Os que están de parrafeo

A exposición reúne e mostra seis manuscritos autógrafos de Rosalía de Castro relacionados con *Cantares gallegos*, procedentes do Arquivo Histórico Municipal da Coruña, a Fundación Penzol e o Arquivo da Deputación da Coruña.

Dezaseis reais de poesía

Rosalía e Murguía mobilizan aos amigos e todos actúan de axentes de vendas de *Cantares gallegos*, un libro querido e caro, segundo algúns, que custaba 16 reais. A fins do século XIX, con este diñeiro pódese mercar un kilo de carne, un kilo de garavanzos, un kilo de pan e un litro de viño. En 1863, os traballadores dunha fábrica viguesa cobran once, nove ou sete reais por día, segundo a súa categoría.



O editor Juan Compañel

O libro *Cantares gallegos* non existiría sen o enorme talento de Rosalía, sen a teoría e o alento de Murguía, sen a vontade de editor de Compañel. Formado na imprenta familiar de Compostela, emigrado a Madrid, Juan Compañel (1829-1897) chega a Vigo para incorporarse a *La Oliva* como impresor e ao pouco tempo é xa o seu editor, director e impresor. Durante dezasete anos combina o xornalismo coa impresión comercial e os proxectos editoriais, sempre ligados ao seu ideario galeguista.

O primeiro canto

Toda a súa xeración pedía a aparición dun poeta que escoitara o cantar do pobo. E en 1863 Rosalía canta, supera as expectativas de todos e consegue a primeira obra mestra da literatura galega. Non imita o folclore, úsao, revírao en función do seu ideario, a dignificación do país e das súas xentes. Cos seus *Cantares gallegos* anuncia e constrúe a Galicia contemporánea, o país que somos.

Este exemplar de *Cantares gallegos* é un dos escasos libros que se conserva tal como saíu da imprenta de Compañel, sen encadernación posterior.
[Biblioteca Municipal de Estudos Locais da Coruña]

Juan Compañel edita *Cantares gallegos* nos seus talleres da rúa Real de Vigo.

Has de cantar, meniña gaiteira

Desde 1856 Murguía teoriza sobre como debe ser a literatura galega. A lingua ha ser a propia, pero o poeta debe ter a voz grave, como en Escocia debe ser un bardo, un home... Ao ano seguinte, a lectura das copras de Sarmiento revira a súa opinión, o poeta galego debe escoitar o canto do pobo. Finalmente, en 1858, despois de coñecer a Rosalía, invoca de novo a Sarmiento: o corazón que sinta por todos debe ser unha muller.



“El periódico que de una manera más decisiva influyó en nuestro país [...] En el se reflejaba el espíritu de una generación que parecía haber traído al mundo como única tarea la de crear una nueva Galicia.”

Manuel Murguía
Los Precursores, 1886.

Obras expostas No principio foi o verso: Rosalía de Castro



A Rosa e a Oliva

Rosalía aos vinte e un anos, un antes de casar. Fotografía enmarcada que conservou a súa filla Gala na sala da súa casa da Coruña. [**Real Academia Galega**]

Álbum de fotos da familia Murguía-De Castro con algúns retratos dos seus amigos de Vigo. [**Real Academia Galega**]

“**Amad vuestro lenguaje en el que hablamos todavía; el pueblo que olvida y escarnece su idioma, ese pueblo le dice al resto del mundo que perdió su dignidad**”. **Manuel Murguía**, *La primera luz* Juan Compañel, editor. Vigo, 1859 [**Real Academia Galega**]

“**Mi corazón es bueno; pero no acato los mandatos de mis iguales [los hombres] y creo que su hechura es igual a mi hechura, y que su carne es igual a mi carne**” **Rosalía de Castro**, “Lieders” *El Album del Miño* Juan Compañel, editor. Vigo, 1858 [**Real Academia Galega**]

“**¡Que cante Lieders nuestra santa libertad!**” Carta de Vicetto a Murguía, 1858 [**Real Academia Galega**]

Pensar Galicia en Vigo

“**[El Miño] el periódico que de una manera más decisiva influyó en nuestro país [...]** **En el se reflejaba el espíritu de una generación que parecía haber traído al mundo como única tarea la de crear una nueva Galicia.**” **Manuel Murguía**, *Los Precursores*, 1886

Foto de Manuel Murguía arredor de 1863



Eduardo Chao *El Ferro-Carril y el puerto de Vigo* Madrid, 1883. O plano recolle o proxecto do ex-ministro para ligar o ferrocarril cun futuro porto situado en Bouzas. [**Real Academia Galega**]

Piano e vistas de Vigo a finais do século XIX, segundo debuxos de Francisco Pradilla e Teodomiro Avendaño. [**Colección Puertas-Mosquera**]

Francisco Pradilla *Escena do Berbés*. Óleo sobre lenzo [**Consorcio da Zona Franca de Vigo**]

Os amigos de Vigo

Morteiro da antiga botica que José María Chao abre en 1826 na praza da Constitución, esquina a Sombreiroiros. A súa rebotica foi o principal faladoiro da cidade e Chao o verdadeiro petrucio do progresismo vigués. [**Fundación Penzol**]

Eduardo e Alejandro Chao, os fillos do boticario, no álbum da familia Murguía-De Castro. [**Real Academia Galega**]

O círculo de amigos vigueses asinan unha subscrición ao *Diccionario de escritores galegos* de Manuel Murguía. [**Real Academia Galega**]

Carta de Alejandro Chao a Eduardo Chao presentando a Murguía, 1855 “**El dador de la presente es Murguía. ¿Para qué necesitas saber más? Conforme no se tiene más que una madre, tampoco debe tenerse más que un amigo verdadero: el mío es ese, te lo juro.**” [**Real Academia Galega**]

Obras expostas No principio foi o verso: Rosalía de Castro

Notas de Alejandra Murguía de Castro e de seu pai, Manuel Murguía, co apuntamentos de cantares e romances populares, entre eles “Nosa Señora da Barca”. [**Fundación Barrié**]

Escenas de baile tradicional galego, segundo os artistas J. Worms e Dionisio Fierros. Gravados publicados por Murguía en *La Ilustración gallega y asturiana* (1879-1882). [**Colección Puertas Mosquera**]

Antonio Jaspe Moscoso. *O gaitero de Montrove*. Óleo sobre lenzo, 1875 [**Museo de Belas Artes da Coruña**]

Xosé Otero Abeledo, Laxeiro, *Romaría de Trasdeza*. Óleo sobre lenzo, 1958 [**Colección particular**]

Urbano Lugrís, *Romaría galega*. Óleo sobre lenzo, 1964 [**Fundación Barrié**]

A Alborada de Rosalía, a música da letra

Alejandra Murguía de Castro cantou en dúas ocasións para os musicólogos de Pontevedra. Fotografía conservada pola familia. [**Real Academia Galega**]

Casto Sampedro Partituras autógrafas tentando reconstruír a Alborada de Rosalía a partir da transcripción do canto de Alejandra Murguía ou da interpretación ao violín por Luís Diéguez, segundo a cantaba seu pai. [**Museo de Pontevedra**]

O coro Aires da Terra de Pontevedra con Perfecto Feijoo á gaita e o tenor Mercadillo, de pé, segundo pola dereita. Fotografía de Alfonso, realizada en Madrid en 1913. [**Real Academia Galega**]

Interpretación da Alborada de Rosalía polo tenor Víctor Cervera Mercadillo, nunha histórica gravación segundo a interpretación do coro Aires da Terra, a principios do século XX. [**Arquivo da Deputación de Pontevedra**]

O primeiro canto

Rosalía de Castro poucos anos despois de publicar *Cantares gallegos*. Fotografía conservada pola súa familia. [**Real Academia Galega**]

Juan Compañel edita *Cantares gallegos* nos seus talleres da rúa Real de Vigo, no lombo figura o prezo de custe, 16 reais. [**Biblioteca Municipal de Estudos Locais da Coruña**] [**Fundación Rosalía de Castro**]

Aque las nenas de Dodro... **Rosalía de Castro** Folla manuscrita con cantares populares [**Arquivo da Deputación da Coruña**]

Campanas de Vogallido *Cando vos oyo tocar revíraseme o sentido* **Rosalía de Castro** Folla manuscrita con cantares populares [**Fundación Penzol**]

Adiós ríos, adiós fontes, Adiós regatos pequenos Adiós vista dos meus ollos Non sei cando nos veremos **Rosalía de Castro** Folla manuscrita con cantares populares [**Arquivo Histórico Municipal da Coruña**]

Os aires da miña terra... **Rosalía de Castro** Prego manuscrito con cantares populares [**Arquivo Histórico Municipal da Coruña**]

Quen non habera de saber... **Rosalía de Castro** Folla manuscrita con cantares populares [**Arquivo da Deputación da Coruña**]

O qu' a tua porta... **Rosalía de Castro** Poema manuscrito, incluído por Murguía na terceira edición de *Cantares gallegos* [**Arquivo Histórico Municipal da Coruña**]

Que cante e que cante

“La poesía popular es, en efecto, la más alta manifestación que hacen de sí las naciones, y la comprobación más enérgica de su existencia propia” **Giner de los Ríos**, 1863

Antonio Trueba *El libro de los cantares* Exemplar dedicado a Pintos polo autor. O libro é citado por Rosalía no prólogo de *Cantares gallegos*. [**Real Academia Galega**]

Heinrich Heine *El libro de los cantares* O autor alemán tivo unha grande *influencia* a través das traducións do xornal madrileño de *El Museo Universal*. Este exemplar pertenceu a Fontenla Leal. [**Real Academia Galega**]

Ventura Ruíz de Aguilera *Ecos nacionales* Un poema deste autor, dedicado a Murguía, deu pé a Rosalía para dedicarlle a réplica en *A gaita gallega*.

“**Por xiadas, por calores Desde qu' amañece ó día Dou á terra os meus sudores, Mais canto e[ls]a terra cría Todo... todo é dos señores.**”

Rosalía publica por primeira vez en galego en 1861, neste número de *El Museo Universal*, o xornal español máis comprometido coa difusión da poética dos cantares. ¡*Adiós qu' eu voume!* é o título desta versión que contén unha estrofa autocensurada na edición do libro. [**Fundación Barrié**]

Ángel García Díaz *Moza cantando*, 1927. Xeso Rosalía coloca á muller como protagonista dos *Cantares gallegos*. Elas teñen voz, falan, dialogan, en constante demanda de dignidade e independencia. [**Real Academia Galega**]

Obras expostas No principio foi o verso: Rosalía de Castro

Has de cantar, meniña gaiteira

Cantares e textos populares enviados a Murguía. Indícase o nome da informante, Vicenta Castro Sanjurjo, a “Moucha”. **[Real Academia Galega]**

As copras de Sarmiento circularon en copias manuscritas como esta que Francisco Javier Rodríguez lles envía aos irmáns De la Iglesia. **[Real Academia Galega]**

Pintos co seu libro *A Gaita gallega*, 1853, é o efecto máis visible e primeiro da influencia de Sarmiento. Pregos con probas de impresión. **[Real Academia Galega]**

Romarías de san Roque en Vigo e de san Cosme en Baiona, gravados publicados por Murguía en *La Ilustración gallega y asturiana* (1879-1882). **[Colección Puertas-Mosquera]**
“[Sarmiento] El fue el primero, quizá sin saberlo, que echó los cimientos de la literatura indígena, tal como la concebimos nosotros; literatura nacida en el seno de Galicia, cuyas aspiraciones son las del pueblo, y cuyos sentimientos descripciones, horizontes, todo, todo sea de ella, por ella y para ella.”
Manuel Murguía “Poesía gallega contemporánea”, 1858

Dezaseis reais de poesía

“Muchos de sus cantares han de llegar con el tiempo a popularizarse tanto que ocuparán la memoria hasta de nuestros campesinos.”
Galicia, Revista Universal de este Reino, Comentario nos números 15 e 16 de 1863.

Antonio de la Iglesia e Camilo Álvarez de Castro, Chantre da catedral de Salamanca, dous dos correspondentes epistolares que celebran *Cantares gallegos*. **[Real Academia Galega]**

Carta de Antonio de la Iglesia a Murguía, 1863
"Remito a U. Esas pruebas de la poesía de Rosalía que titulé Castilla en el Album de la Caridad [...] Celebro adelante la impresión de los Cantares..."
[Real Academia Galega]

Carta de Ramón Segade a Murguía, 1863
"Rosalía con quien estuve me refirió lo de la biblioteca ... También me habló del feliz éxito de los Cantares; le doy a U. el parabién".
[Real Academia Galega]

Carta de Ramón Segade a Murguía, 1863
"Rosalía con quien estuve me refirió lo de la biblioteca ... También me habló del feliz éxito de los Cantares; le doy a U. el parabién".
[Real Academia Galega]

Carta de Juan Manuel Paz a Murguía, 1863
"Diga U. a Rosalía que le doy mil enhorabuenas por sus Cantares, cuya lectura ha hecho renacer en mí el entusiasmo poético, amortiguado hace algún tiempo con la prosa de los negocios. Que viva satisfecha de su obra, destinada a vivir perpetuamente. Y que esté tranquila y no haga caso de los Zollos".
[Real Academia Galega]

Carta de José María Montes a Murguía, 1863
"Sírvese u. hacer presente mi afectuoso recuerdo a su amable esposa, a quien proclamo sin lisonja de algún género, reina de los vates gallegos; cuyo honor merece sin duda por sus altas dotes que tanto resplandecen en sus inspiradas composiciones poéticas, en especial en las gallegas, donde al par de una fluidez y candor inexplicables, hay una claridad en los conceptos muy superior a cuantos pulsan la lira en nuestro dialecto".
[Real Academia Galega]

Carta de Camilo Álvarez de Castro, o Chantre, a Murguía e a Rosalía, 1863

"¡Que Cantares, Rosalía! Olla tu; doulle voltas é revoltas como llas dan á farifaña na peneira, é non m'estrevo á tocalos, que son caraveles é murcharíense é perderían ó cheiro s'eu os tocase. Cos teus "Cantares" eres para min unha meiga [...] é non fartes nin cales namentras non berren todos "Seica é verdai ó que di esta meiga dos tesouros de Galcial". **[Real Academia Galega]**

Carta da Baronesa de Wilson, Emilia Serrano del Tornel a Murguía, 1867
"... en Lugo, tuve un gran placer en leer los cantares gallegos de su esposa, en los cuales y en particular en su introducción, hay mucho amor a su país y nobles y elevados pensamientos".
[Real Academia Galega]

Cantares gallegos, proxección audiovisual con pezas musicais de poemas do libro de Rosalía de Castro.

Juan Compañel, o precursor na capital editorial de Galicia

Manuel Murguía *Diccionario de escritores gallegos* Juan Compañel, editor. Vigo, 1862 Foi impreso en papel da fábrica La Cristina de Lavadores, da que Compañel foi socio fundador. **[Real Academia Galega]**

Rosalía de Castro *A mi madre* Imprenta de Juan Compañel. Vigo, 1863. Editáronse só cincuenta exemplares numerados, co nome do posuidor impreso, este exemplar leva o número 46 e leva impreso Biblioteca del Instituto de Ourense. **[Real Academia Galega]**

Rosalía de Castro *La hija del mar* Librería de C. Bailly Baillière Imprenta de D. J. Compañel. Vigo, 1859. **[Real Academia Galega]**

En 1863, Compañel incorpora a *El Miño* o lema “Todo por Galicia, todo para Galicia” **[Real Academia Galega]**

Prego cunha relación en verso que dá noticia do naufraxio dunha lancha de Bouzas. “Es propiedad de la imprenta de D. J. Compañel, 1864”. O exemplar pertenceu a Murguía. **[Real Academia Galega]**

Alejandro Chao, o editor na emigración

Folla voandeira de promoción do complexo empresarial de Chao en Cuba. **[Real Academia Galega]**

A. Chao confíalle a dirección de *La Ilustración gallega y asturiana* ao seu amigo Manuel Murguía desde o primeiro momento, e sitúa a redacción da revista en Madrid para acadar a calidade de impresión dos modelos europeos, que lle permitía editar arredor de oitocentos gravados con vistas e escenas de Galicia e Asturias. **[Real Academia Galega]**

Etiquetas de envío a Rosalía de Castro da publicación que dirixe o seu marido. **[Real Academia Galega]**

Amigo querido da parella Murguía-De Castro, padriño da súa filla primeira, Alejandro Chao foi tamén o editor de *Follas novas*. **[Real Academia Galega]**

A segunda edición do libro de Curros mereceu unha coidada edición de Chao en 1882. **[Real Academia Galega]** Desde A Habana edita tamén ao célebre xornalista da colonia gallega, Waldo Álvarez Insua. O exemplar está dedicado a Murguía polo autor. **[Real Academia Galega]**

Vigo, a capital editorial de Galicia: Os sucesores de Compañel no século XX

Xohán Ledo
Carteis promocionais do Día das Letras Galegas nos primeiros anos da celebración (1963-1970) editados pola Serigrafía Galega de Álvaro Álvarez Blázquez, empresa fundada en 1958. **[Fundación Penzol]**

1941
CIES
Inventou o libro de peto para a novela popular en castelán, en 1958 chegou aos 1.500 títulos e a seis millóns de exemplares vendidos. O editor Eugenio Barrientos foi o descubridor de Marcial Lafuente Estefanía, que escribiu en Vigo máis de duascentas novelas, do Oeste, policiais ou sentimentais. **[Colección José Ballesta]**

1950
MONTERREY
Selo editorial de bibliofilia vinculado á libraría de vello do mesmo nome fundada por Luís Viñas Cortegoso e Xosé María Álvarez Blázquez. **[Real Academia Galega]**

1950
GALAXIA
Promovida polos galeguistas como resistencia cultural ao franquismo, é, despois de sesenta anos, o selo editorial dos clásicos da literatura galega ao que se incorporan tamén novos autores galegos e internacionais, en coidadas traducións, que crean un catálogo de máis de 2000 libros. Estivo dirixida por Francisco Fernández del Riego, Xaime Ila, Ramón Piñeiro ou Carlos Casares. **[Real Academia Galega]**

1964
CASTRELOS
Dirixida por Xosé María Álvarez Blázquez co apoio de seus irmáns, acometeu proxectos innovadores como a popular colección o Mouchó, que acadou 58 títulos. Cando pechou en 1979, levaba vendidos seiscentos mil libros. **[Real Academia Galega]**

1979
XERAIS
Ligada ao Grupo Anaya, Xerais xorde parella ao comezo do ensino da lingua galega para o que fornece os primeiros libros de texto ao tempo que fomenta a literatura infantil e xuvenil. Editora innovadora, ensanchou o territorio do libro galego superando os dez millóns e medio de libros vendidos. **[Real Academia Galega]**

1984
NOVA GALICIA
Especializada en libros de arte de gran formato, ten vocación de inventariar a creación galega de pintores, escultores e arquitectos en coidadas edicións. **[Real Academia Galega]**

1985
IR INDO
Editorial con máis de 500 títulos no seu catálogo, entre elas a monumental Enciclopedia Galega Universal (EGU), con 16 volumes. **[Real Academia Galega]**

1986
A NOSA TERRA
Ligada ao histórico xornal do mesmo nome, até 2006 a editora publicou máis de 1.000 títulos, con especial dedicación á historia e ao medio natural. O proxecto dos Bolechas de Pepe Carreiro acadou 400 títulos e máis dun millón de libros vendidos. **[Real Academia Galega]**

Unha factoría cultural

Casa de Rosalía [A Matanza, Padrón] realizada por Cerámica Celta, deseño de Ramón Rodríguez, 1950 **[Fundación Rosalía de Castro]**

“Alí, bajo unos árboles que ya desaparecieron, se obtuvo de mi madre la última fotografía. Fue un día como hoy, del mes de septiembre de 1884. Aún recuerdo como nos agrupamos; mi madre en primer término, sentada y conmigo próxima; Alejandra, apoyada en uno de los árboles. Las dos estábamos a la derecha. A la izquierda, y también sentadas, Aura, y al lado de ésta, en el extremo, Amara. De pié mi padre, que abrazaba a mi gemelo Ovidio.”

Gala Murguía de Castro, visita á Casa da Matanza, 1950.

A familia de Rosalía, proxección audiovisual que presenta aos membros da familia con retratos de distintas épocas da súa vida. **[Fotografías da Real Academia Galega]**

A Rosa de cen follas

Rosalía de Castro (1837-1885) no único retrato fotográfico da madurez. J. Sellier, ca. 1880. **[Real Academia Galega]**

Cédula de identidade de Rosalía, datada en Padrón en 1884, sete meses antes do seu pasamento. **[Real Academia Galega]**

Rosalía de Castro *Cantares gallegos*. Juan Compañel, editor. Vigo, 1863. **[Real Academia Galega]**

Rosalía de Castro *Follas Novas*. La Propaganda literaria. A Habana, 1880. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Rosalía de Castro *En las orillas del Sar*, Establecimiento tipográfico de Ricardo Fé. Madrid, 1884 **[Fundación Rosalía de Castro]**

Rosalía de Castro poema autógrafo publicado no libro *En las orillas del Sar*. **[Real Academia Galega]**

Murguía, nación e construción

Manuel Murguía (1833-1923) por Luís Artís. Fotografía coloreada á man, 1929. **[Real Academia Galega]**

Obras expostas No principio foi o verso: Rosalía de Castro

Manuel Murguía, probas con correccións autógrafas do *Diccionario de escritores gallegos*, editado por Compañel. Vigo, 1862. **[Real Academia Galega]**

Chistera de Manuel Murguía, peza característica de súa indumentaria. **[Real Academia Galega]**

Manuel Murguía, algunhas das moitas fichas utilizadas na elaboración do *Diccionario de escritores gallegos*. **[Real Academia Galega]**

Pluma estilográfica de Manuel Murguía. **[Arquivo Histórico Municipal da Coruña]**

Manuel Murguía, manuscrito autógrafo de dous capítulos do tomo V da *Historia de Galicia*. **[Real Academia Galega]**

Os cinco de Manolo e Rosa

Ovidio Murguía *Mariña* [na baía da Coruña], 1897 Óleo sobre lenzo. **[Museo de Belas Artes da Coruña]**

Ovidio Murguía Paleta e pincel do artista. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Rosalía de Castro Acuarela atribuída a Alejandra ou a Ovidio, ca. 1880. **[Real Academia Galega]**

Alejandra Murguía Deseño da cabeceira de *La Ilustración gallega y asturiana*, que asina coas iniciais AM superpostas, no ano 1879. **[Real Academia Galega]**

Alejandra Murguía *Hórreo*, acuarela sobre papel. A escolla do tema é intencionada, a ausencia de fondo acentúa máis o valor simbólico, case heráldico, do motivo. **[Real Academia Galega]**

Gala Murguía, sentada, entre os membros do Padroado Rosalía de Castro en 1950, durante a visita á Casa da Matanza, lugar onde morreu a súa nai en 1885. **[Real Academia Galega]**

Cédula de identidade de Rosalía, datada en Padrón en 1884, sete meses antes do seu pasamento. **[Real Academia Galega]**

Rosalía de Castro *Cantares gallegos*. Juan Compañel, editor. Vigo, 1863. **[Real Academia Galega]**

Rosalía de Castro *Follas Novas*. La Propaganda literaria. A Habana, 1880. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Na lingua que eu falo

Rosalía dá un novo paso: con *Follas novas* (1880) reitera o compromiso coa “xente d' o traballo” pero co seu verso chega xa a todos os recunchos da intimidade. **[Real Academia Galega]**

Os emigrantes identifícanse coa obra de Rosalía e en 1873 é nomeada socia de honra da *Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia da Habana*. **[Real Academia Galega]**

A bandeira galega xorde ligada a Rosalía, como aclara o artigo “La bandera de Galicia”,

El Eco de Galicia, Bos Aires, 1898. **[Real Academia Galega]**

A bandeira galega aparece por primeira vez en 1891, nos actos de traslación dos restos de Rosalía ao Panteón de Galegos Ilustres. **"O que quixen foy falar un-ha vez máis d' as cousas d' a nosa terra, n' a nosa lengoa [...] Un libro de trescentas paxinas escrito n' o doce dialecto d' o país, era n' aquel estonces cousa nova [...] Aceptárono, y o qu' é máis, aceptárono contentos, e yeu comprendin que desd' ese momento quedaba obrigada a que non fose ó primeiro y o último. N' era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar d' a bandeira qu' eu mesma había levantado."**

Rosalía de Castro "“Duas palabras d´ a autora” *Follas novas*, 1880.

O discurso da galeguidade

Acta de constitución do Comité Rexionalista de Santiago de Compostela, 1891 **[Real Academia Galega]**

Acta de constitución do Comité Rexionalista de Lugo, 1891 **[Real Academia Galega]**

Acta de constitución do Comité Rexionalista de Pontedeume, 1891 **[Real Academia Galega]**

Acta de constitución do Comité Rexionalista de Ourense, 1891 **[Real Academia Galega]**

Acta de constitución do Comité Rexionalista de Vigo, 1891 **[Real Academia Galega]**

“[Galicia] tiene territorio perfectamente delimitado, raza, lengua distinta, historia y condiciones especiales creadas gracias a esa misma diversidad [...] constituye, pues, una nación, porque tiene todos los caracteres propios de una nacionalidad. Suiza no tiene más población, ni Bélgica más territorio.”
Manuel Murguía, "El Regionalismo" *La Voz de Galicia*, 1899.

Rosalía de Castro, muller intelectual galega

Rosalía de Castro por Modesto Brocos, Óleo sobre lenzo, 1880 **[Colección da Deputación da Coruña]**

Sofá da sala familiar de Rosalía de Castro. **[Colección da Deputación da Coruña]**

Floreiro que pertenceu a Rosalía de Castro, porcelana de Saxonia, mediados do século XIX. **[Museo de Belas Artes da Coruña]**

Proxección audiovisual
Voz con textos tirados de cartas, artigos, prólogos e poemas de Rosalía de Castro e proxección de imaxes de mulleres e retratos da propia escritora.

Muller bandeira. Un proceso de mitificación

Esquela do pasamento de Rosalía na Gaceta de Galicia, 1885. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Murguía inclúe a Rosalía no libro *Los Precursores*, publicado no mesmo ano da súa morte. **[Real Academia Galega]**

Relicario cun guecho de pelo de Rosalía e pétalos das flores que as súas fillas

colocaron entre as mans da finada. Legado por Gala Murguía á Academia. **[Real Academia Galega]**

A traslación dos restos mortais de Rosalía ao Panteón de Galegos Ilustres, nun número especial de *La Patria Gallega*, 1891. **[Real Academia Galega]**

En 1895, aos dez anos do pasamento da escritora publícase por primeira vez a súa fotografía. **[Real Academia Galega]**

Memoria dos actos de honra a Rosalía en Bos Aires, 1897. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Memoria do acto organizado por Brañas e outros intelectuais católicos, 1899. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Gala Murguía de Castro ante a tumba de súa nai no Panteón de Galegos Ilustres, 1951. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Muller bandeira. A verdadeira face da matría

Partitura de *Negra sombra*. Juan Montes compón en 1892 unha obra mestra e une o seu nome para sempre ao de Rosalía. **[Arquivo da Deputación da Coruña]**

Cartóns postais con fotografías de Curros e Filomena Dato ante a tumba de Rosalía; no reverso, poemas dedicados á escritora, ca. 1908. **[Real Academia Galega]**

Edición de *Cantares gallegos* utilizada por Andrés Gaos para compoñer o lied “Rosa de abril”. **[Arquivo Histórico Municipal da Coruña]**

Medalla editada para recadar fondos con destino á construción do monumento a Rosalía en Santiago de Compostela, ca. 1917. **[Real Academia Galega]**

O nome da escritora como marca comercial. Na contraetiqueta, reproducese o poema Adióis ríos... sobre a bandeira galega, ca. 1917. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Acta de costitución do Patronato Rosalía de Castro en 1947. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Proposta para establecer o Día Das Letras Galegas, documento presentado polos académicos Fernández del Riego, Gómez Román e Ferro Couselo ante o plenario da Real Academia Galega, o día 3 de marzo de 1963, ano do centenario de *Cantares gallegos*. **[Real Academia Galega]**

Billete dedicado a Rosalía en 1979. Selo editado na honra da escritora en 1968. Fábrica Nacional de Moneda y Timbre. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Rosalía na capa da revista cultural feminista *Festa da palabra silenciada*. Deseño de Margarita Ledo Andión, 1985. **[Real Academia Galega]**

Retallables con Rosalía como personaxe a vestir pola artista Ana Costas, ca. 2010. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Coroa enviada pola Lliga de Catalunya con motivo da traslación dos restos mortais de Rosalía ao Panteón de Galegos Ilustres, 1891. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Fotografía do cadro perdido de Fenollera para o acto de honra a Rosalía no Ateneo León XIII de Santiago de Compostela, 1899. Incendio do Teatro Rosalía de Castro de Vigo, en 1910. No seu lugar construíriase o actual Teatro García Barbón. **[Arquivo fotográfico Pacheco]**

Esta imaxe de Rosalía preside as sesións da Academia desde hai case un século. Foi unha encomenda ao pintor Máximo Ramos pola Asociación Protectora da Academia en Cuba, que fixo entrega da peza en 1915. **[Real Academia Galega]**

Coa influencia do pop norteamericano e cubano, partindo da fotografía de Sellier, Reizentolo actualiza un mito e crea unha icona, ca. 2003. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Busto encomendado polo Concello da Coruña en 1917 para os salóns do Pazo Municipal. **[Arquivo Histórico Municipal da Coruña]**

O nome do país escrito por Rosalía na imaxe da exposición *Galicia, a forza da palabra* do centenario da Academia, 2006. **[Real Academia Galega]**

Non é unha foto de Rosalía pero pasa por ser a súa verdadeira imaxe. Segundo Lois Rodríguez, en 1902 o fotógrafo e debuxante coruñés Antonio Portela (1865-1927) realiza esta ilustración, basada no retrato fotográfico de Luis Sellier, pero reconstrúe totalmente a súa face, viste á escritora de “poeta romántico” e móstraa segura de si, líder dun pobo. **[Fototeca Nacional, España]**

Rosalía nunha talla de 1934 conservada no Concello de Padrón. A vestimenta tradicional inspirou o busto producido por Cerámica Celta. **[Concello de Padrón]**

Os grupos musicais populares e os cantautores gallegos continuaron a tradición de compoñer pezas musicais sobre poemas de Rosalía. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Filmación dos actos realizados en Bos Aires no centenario de Rosalía. **[Centro Galego de Artes da Imaxe]**

Toalla da serie “monumentos” fabricada pola empresa téxtil padronesa Viuda de Ángel Ramos, ca. 1950. **[Colección particular]**

Camisola producida para a celebración dos 150 anos da publicación en Vigo de *Cantares gallegos*, deseño de Pepe Barro, 2013 **[Fundación Rosalía de Castro]**

Estudantes cataláns celebran a festa cultural de San Jordi a carón do Monumento a Rosalía na Alameda de Santiago de Compostela, 1934. **[Real Academia Galega]**

Coroa enviada polos emigrantes gallegos de Bos Aires para a tumba de Rosalía no Panteón de Galegos Ilustres, 1897. **[Fundación Rosalía de Castro]**

Filme realizado polo médico galeguista Antón Beiras, *Pelexinaxe lírica aos lugares Rosalianos*, que recolle os actos do galeguismo arredor da figura de Rosalía en 1951. No filme pódense ver os veteranos Otero Pedrayo, Gómez Román e Cabanillas, xunto a García-Sabell, Ramón Piñeiro, ou Sebastián Martínez Risco e mesmo o aínda adolescente Xosé Manuel Beiras. Gala Murguía de Castro preside os actos de Compostela. **[Centro Galego de Artes da Imaxe]**

Rosalía de Castro aos vinte anos, un antes de casar. Fotografía enmarcada que conservou a súa filla Gala na sala da súa casa da Coruña. [Real Academia Galega]



Os antecedentes do galeguismo

No principio foi o verso¹

Álvaro Cunqueiro

I

Como se estivese anunciado á maneira apaixonada e profunda con que se adoitan anunciar estas delicadísimas cousas, Galicia comezou polo verso e polo verso romántico. “Comecemos pola vida e pola morte, pero que nos oian cantar ao nacer e morrer”, soñouse un día so as fermosas ruínas pálidas do Lindisfarne, alá en Nortuhmberland; nesta Galicia tan antiga de pan e viño, e está tan labrada a terra, que aquí a cousa non podía ser doutro xeito: no principio –a vida ou a morte–, foi o verso. O 11 de marzo de 1828, a voz verde, infantil e decadente de Nicomedes Pastor Díaz, un gran celta, vocado coma todos a chegar demasiado cedo ou demasiado tarde, fixo tremer a cerna conforme a nosa lingua:

*¡Aí que Landro brillante
non é dourado Tajo; nin o Tormes
alinda o meu retiro!
¡Durme, si, durme, mentras eu sospiro!*

En Nicomedes Pastor Díaz está o romanticismo; en Rosalía a saudade, e en Pondal, a raza e mais a terra, aprendeunos o noso Ramón Otero Pedrayo en memorable discurso. Nos tres están as augas que hoxe nos fixeron durar, a sede que as abraza e o abrasado corazón que a lanza. Aqueles que escoitamos a Galicia vivir e como un mundo a sentimos, de aquí non nos movemos:

*Are not the mountains waves and skies a part
Of me and of my soul, as I of them?*

“Montañas, ondas e ceo, non son parte da alma miña? Non é a alma de meu parte de todo iso?”... E volvo repetir o que teño dito tantas veces: aquilo de que “Galicia é unha terra, desde onde nós, por dereito e servidume de nacemento entrañable, nos erguemos a esculcar o mundo que, visto desta maneira senlleira, fala por nós –expresado, limbado, anosado– coa nosa lingua senlleira. Cada home –cada pobo– é unha vida. Galicia é a súa historia, e a patria é vizosa polos límites que non a non finan, senón que a comezan”. Mais xa isto é un outro cantar.

Nicomedes Pastor Díaz, un gran celta, vocado, como todos, a chegar demasiado tarde. O ser de Galicia –Ramón Otero explicouno marabillosamente– aínda non estaba precisado. As orixes e o porvir estaban, igualmente, lonxe. Como Chateaubriand, Pastor Díaz foi un moderado e un lexitimista na política, un agudo entendedor da realidade europea, un poeta, home de Estado e diplomático, un namorado de Italia sen perder a saudade do Norte. Do norte, de onde viñera a súa música.

*De ébano y concha este laúd te entrego,
que en las playas de Albión hallé caído...*

Como Chateaubriand, xa vello e declinado do aire, visitante das torres de Combourg, reflexo lene, verde e escuro dos estanques mornos, Pastor Díaz volveu a Santiago antes de morrer. “Sentou nas pedras que alicerzan a mísera praciña, ollou as fiestras do seu cuarto de colexial, volveu a vagar so a penumbra...” Tamén volveu a ver o mar, a ribeira fresca e potente, a durísima terra, o horizonte lene. E pouco máis despois.

*No mas oí de la gentil Sirena
el cántico divino,
sino el tumbo del mar sobre la arena
y el ronco son del caracol marino.*

En Pastor Díaz está o romanticismo, a flor primeira que en Galicia as chuvias do século XIX traspasaron a perla ou así.

En Rosalía está a saudade, e en Pondal, a raza e a terra.

*Este vaise e aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.*

Chora Rosalía no noso cativerio á mesma hora en que Pondal é forte e ten, coma o anxo da fábula xermánica, nunha man a auga e na outra o vento da terra.

*Ou! Terra de Bergantiños,
roxa ó arar, nobre e testa!...*

Rosalía é a saudade, e é ao xeito dunha voz solitaria e unha voz en trance de multitude. É a saudade, unha e raíz, o eu e o fondo, e é o cantar do sangue livián e a vista dos ollos, a gaita da nosa romaría. O que nós, os galegos, somos, vive desde Rosalía en carne viva e puro axexo, e todo o que levamos de arela e de desesperanza, de alegría e de alma traspasada, bebémolo neste purísimo cristal adormecido. Pondal é o último bardo, home-universo, como poeta. É a mesma canción dos máis escuros deuses que tivemos. “Quixera ter o mesmo cantar que o meu Deus máis antigo e escuro”; soñaron en Roma, que é pedra

nobremente traballada en toda parte. Pondal é a profecía, isto é, a fe.

*Boandanza, saúde,
raza de Breogán;
teus groriosos destinos
certo é doce agoirar!*

Escrito quedou para sempre o canto de vida. Quen o escoitou?, pregúntase. Tivemos que escoitalo todos, todos os que somos na cabalgada da nosa patria, os que nos gardamos no rigor dos seus muros e tomamos a súa sorte, e segundo ela:

*Oh! Canta luz eu vexo
que na futura edd
da túa frente sae,
Xente de Breogán!*

II

Así co verso, no século XIX, recomenzámonos os galegos. Aquí están as augas que nos fixeron durar, a sede que as abraza e o abrasado corazón que a lanza. Déronnos vocación de liberdade, e déronnola polo verso, pola lingua, “que ser pola lingua é máis que ser polo sangue, claréxase na letra dun humanista ilustrísimo. Temos hoxe os galegos a vocación de liberdade”. “Polo mar ían as bandeiras e dela quedou fermosísima memoria” dise no veneciano que chorou a ruína e a morte do seu león laureado tantísimo. Polo mar abaixo e poa terra arriba queremos as nosas bandeiras, para que delas quede memoria.

E queira Deus que a memoria que de nós quede sexa limpa e aberta como cola de nube branca no ceo de maio, memoria en bronce ou mármore coma a dos antigos: “Amaron a liberdade e asentárona na xustiza, e esta non foi nunca mudada nos corazóns”. No principio foi o verso; que no final da vida dos galegos sexa canción.

1. Este artigo foi publicado por primeira vez no xornal madrileño *El Sol*, a véspera do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia, o 27 de xuño de 1936. Traducción de Iago Castro Berguer.